

Primaria

Lingua 5

Programación

Unidade 13

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

En ruta

Descrición da unidade

O fragmento escollido como lectura achéganos ao Invernadoiro, unha das xoias máis prezadas da paisaxe galega. A natureza é o marco no que se desenvolve o conxunto da unidade: o léxico referido á montaña, os textos que se traballan nos apartados de Expresión e Literatura, as actividades competenciais... E o texto informativo é unha tipoloxía moi diferente á das demais lecturas do libro. Trátase de que o alumnado se familiarice con diferentes modelos de expresión e que, a través deles, interiorice certos contidos lingüísticos básicos.

Un dos principais obxectivos é que os alumnos vexan as súas novas aprendizaxes de maneira atractiva e motivadora, que gocen aprendendo.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiren e reforcen os coñecementos seguintes:

- Comprensión do sentido xeral dun texto, oral ou escrito.
- Léxico referido á montaña.
- Campo semántico.
- Discriminación dos tempos e modos verbais.
- Palabras con x.
- Exposición dun tema.
- Os refráns.
- Aspectos propios da nosa cultura.

Temporalización:

Maio

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Utilizar correctamente o léxico referido á montaña.
2. Agrupar palabras en campos semánticos.
3. Identificar os tempos e os modos verbais.
4. Escribir correctamente palabras con x.
5. Entender a función e o significado dos refráns.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
<ul style="list-style-type: none"> • Audición do texto da lectura cunha actitude favorable. • Lectura e comprensión dun texto expositivo. • Adquisición de novo vocabulario referido á montaña e agrupación de palabras en campos semánticos. • Discriminación dos tempos e modos verbais. • Palabras con x. • Exposición dun tema. • Os refráns. • Coñecemento dalgúns aspectos propios da nosa cultura: os Maíos. 	1. escoitar textos orais en silencio, mostrando interese e respecto.	1.1. escoita textos orais atentamente.
	2. Ler un texto expositivo con fluidez e comprensión.	2.1. Le un texto expositivo con fluidez e corrección. 2.2. Comprende o sentido global dun texto e responde cuestións de comprensión.
	3. Enriquecer o vocabulario con palabras referidas á montaña e agrupar palabras en campos semánticos.	3.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico relativo á montaña e palabras novas. 3.2. Recoñece a relación que manteñen entre si as palabras dun mesmo campo semántico.
	4. Introducir conceptos gramaticais básicos: o tempo e o modo verbais.	4.1. Clasifica formas verbais segundo estean en modo indicativo, subxuntivo ou imperativo. 4.2. Coñece os tres paradigmas verbais e conxuga calquera verbo regular en diferentes tempos.
	5. Aplicar correctamente algunhas normas de uso do x.	5.1. Escribe correctamente palabras con x.
	6. Escribir un texto informativo.	6.1. Identifica a estrutura e os recursos propios dos textos informativos. 6.2. Escribe un texto informativo.
	7. Entender a función e o significado dos refráns.	7.1. Entende a función dos refráns. 7.2. Explica o significado dalgúns refráns.
	8. Aprender algúns aspectos propios da nosa cultura.	8.1. Mostra interese por coñecer algún aspectos propios da nosa cultura.

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF)

Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. escoita textos orais.	<ul style="list-style-type: none"> • CD-Audio do LA.
2.1. Le un texto expositivo con fluidez e corrección.	<ul style="list-style-type: none"> • Suxestións metodolóxicas da PD.
2.2. Comprende o sentido global dun texto e responde cuestións de comprensión.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Ficha de comprensión lectora dos RF. • Actividades propostas na PD.
3.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico referido á montaña e palabras novas.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividades propostas na PD.
3.2. Recoñece a relación que manteñen entre si as palabras dun mesmo campo semántico.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 1 de reforzo e actividade 1 de ampliación dos RF. • Actividades propostas na PD.
4.1. Clasifica formas verbais segundo estean en modo indicativo, subxuntivo ou imperativo.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 2 de reforzo e actividade 2 de ampliación dos RF. • Actividades propostas na PD.
4.2. Coñece os tres paradigmas verbais e conxuga calquera verbo regular en diferentes tempos.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 2 de reforzo e actividade 2 de ampliación dos RF. • Actividades propostas na PD.
5.1. Escribe correctamente palabras con x.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 3 de reforzo e actividade 3 de ampliación dos RF. • Actividades propostas na PD. • CD-Audio do LA (ditado).
6.1. Identifica a estrutura e os recursos propios dos textos informativos.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA.
6.2. Escribe un texto informativo.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividades propostas na PD.
7.1. Entende a función dos refráns.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA.

7.2. Explica o significado dalgúns refráns.	<ul style="list-style-type: none">• Selección de actividades do LA.• Actividade 4 de reforzo e actividade 4 de ampliación dos RF.• Proposta de aprendizaxe cooperativa na PD.
8.1. Mostra interese por coñecer algún aspecto propio da nosa cultura.	<ul style="list-style-type: none">• Selección de actividades do LA.• Suxestións metodolóxicas da PD.

5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Ler, comprender e comentar textos.	Entende os textos propostos para a realización das actividades.
	Gozar coa lectura.	Desenvolve o interese cara á lectura como fonte de aprendizaxe e entretemento.
	Captar o sentido dos textos orais.	Garda silencio e desenvolve a atención necesaria para entender o sentido dun texto.
	Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.	Entende a importancia de respectar as normas gramaticais e ortográficas para unha mellor expresión.
	Expresarse oralmente e por escrito de maneira ordenada e clara.	Exprésase con corrección.
	Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.	Crea textos expositivos de utilidade en calquera materia.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Realizar argumentacións con esquemas lóxico-matemáticos.	Aplica o razoamento dedutivo.
	Interactuar co contorno natural de maneira respectuosa.	Valora o contorno natural e mostra interese pola súa conservación.
	Identificar e manipular elementos matemáticos en situacións cotiás.	Interpreta medidas e cantidades.
<i>Competencia dixital.</i>	Utilizar canles de comunicación audiovisual para facilitar o traballo.	Utiliza as TIC como apoio para a aprendizaxe.
	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	Interpreta información verbal e gráfica.
<i>Aprender a aprender.</i>	Empregar o dicionario como fonte de información.	Manexa o dicionario como apoio para a aprendizaxe e para resolver as actividades.
	Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión dos contidos.	Mellora a capacidade de memorización mediante o recitado e a escoita de textos poéticos.

		Utiliza técnicas de traballo que facilitan a aprendizaxe.
	Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes.	Realiza actividades seguindo unhas pautas.
	<i>Intelixencias múltiples:</i> Desenvolve as distintas intelixencias múltiples.	Mostra iniciativa e implícase no coidado do contorno. Identifica potencialidades persoais, como a creatividade.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.	Implícase activamente nos traballos de grupo.
	<i>Educación en valores:</i> Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Mostra unha actitude responsable coa conservación e o coidado do medio. Valora o compañeirismo á hora de traballar en equipo.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Mostra unha actitude responsable na realización das tarefas e interese por mellorar.
	Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas.	Desenvolve a desinhibición necesaria para expresarse en voz alta e traballar en grupo, e esfórzase por superar as dificultades.
	Asumir responsabilidades e dar conta delas.	Valora a paisaxe e mostra unha actitude de compromiso en relación coa conservación do medio.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Coida a presentación nas actividades desenvolvidas.
	Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.	Goza coa poesía e coa riqueza do contorno natural.
	Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural.	Mostra interese pola literatura popular e por coñecer outros aspectos da cultura propia.

6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Libro dixital (LD)

Tarefa 1: Comentario da lectura

- Escoitamos o texto da lectura no CD-Audio ou lémosllelo en voz alta aos alumnos.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con suxestións metodolóxicas e actividades da PD, e coa ficha de comprensión lectora dos RF.

Tarefa 2: Vocabulario

- Aprendemos o léxico referido á montaña no LA e co apoio do dicionario.
- Traballamos a agrupación de palabras en campos semánticos.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD e coas fichas de reforzo e ampliación dos RF.

Tarefa 3: Gramática

- Aprendemos no LA a identificar os tempos e os modos verbais.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD e coas fichas de reforzo e ampliación dos RF.

Tarefa 4: Ortografía

- Aprendemos no LA a escribir correctamente palabras con x.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Escoitamos o ditado no CD-Audio.
- Completamos con actividades da PD e coas fichas de reforzo e ampliación dos RF.

Tarefa 5: Expresión

- Aprendemos no LA a expoñer un tema.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con suxestións metodolóxicas e actividades da PD.

Tarefa 6: Literatura

- Aprendemos no LA a interpretar refráns.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos coas fichas de reforzo e ampliación dos RF.
- Realizamos outras actividades, que propón a PD, de traballo cooperativo.

Tarefa 7: Repaso da unidade

- Realizamos as actividades de repaso da unidade do LA e do LD.
- Recompilamos as actividades para o portfolio do alumno.

Tarefa 8: A nosa cultura

- Aprendemos aspectos da nosa cultura no LA.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.

- Completamos con suxestións metodolóxicas da PD.

7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

- Deberán reforzarse as habilidades de comprensión lectora e expresión escrita, así como a recitación e a expresión oral a través dos textos que chega a unidade.
- Pódese aproveitar a lectura para falar sobre a experiencia do alumnado en relación coa natureza: se coñecen algún parque natural, se son afeccionados a pasear ou a facer sendeirismo, se adoitan saír de excursión, que tipo de espazos naturais lles gustan máis (praias, bosques, lagos...), etc.
- Co gallo da celebración dos maios, sería interesante organizar un concurso de coplas. Por exemplo: o profesor ou profesora compón o primeiro verso e o alumnado, repartido en grupos, elabora os outros tres.
- Polo que se refire aos contidos léxicos, gramaticais e ortográficos, lembramos a importancia da práctica continuada para afianzar debidamente o aprendido e reforzar así os piares dunha base lingüística sólida. En concreto, cómpre asegurarse da correcta asimilación do verbo, tendo en conta que constitúe o núcleo da oración e, xa que logo, a súa identificación e caracterización resultarán clave en niveis máis avanzados, cando se introduza a análise sintáctica.
- E coma sempre, hai que continuar fixando hábitos de traballo e habituando ao alumnado ao manexo correcto do dicionario.

8. RECURSOS

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Lingua:

- O CD-Audio que acompaña o libro do alumno.
- Dicionario de lingua (*Dicionario Xerais de Primaria*).
- Caderno complementario ao libro do alumno.
- Cadernos de ortografía e murais ortográficos.
- Murais de conxugacións verbais.
- Recursos fotocopiáveis da Proposta didáctica.
- Bibliografía:
 - Agustín Fernández Paz: *No corazón do bosque*, Edicións Xerais, col. Merlín.
 - Alberto Avendaño: *Aventuras de Sol*, Ed. Galaxia, col. Árbore.
 - Víctor Raga: *Mi madriña, que paisaxe!*, Edicións Xerais, col. O club da ciencia.
 - ----- : *Descenso ao barranco do Demo*, Edicións Xerais, col. O club da ciencia.

Recursos dixitais

- Libro dixital: os alumnos poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- CD que acompaña á Proposta didáctica, cos recursos fotocopiáveis.
- Información de interese:

- Caderno verde:
<http://www.cadernoverde.com/index.php?r=site/index>
- Refraneiros:
<http://www.cirp.es/pub/docs/cfg02.pdf> (de Xesús Taboada Chivite)
<http://galiciaencantada.com/dentro.asp?c=11&id=458> (en *Galicia encantada*)
<http://galiciaencantada.com/dentro.asp?c=11&id=458> (de Francisco Vázquez Saco: *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral*)
<http://www.refraneirogalego.com> (aplicación para IOS e Android)
- Documental sobre os Maíos:
<http://www.galeguizargalicia.tv/video/27/maios>

9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Proba de avaliación da unidade.
- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Avaliación do traballo competencial.

10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades advirto no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender ás necesidades individuais?

11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?